

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 8

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 31 de MAIO de 2017, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (Ext. e urx. 13.03, extr. 13.03, extr. urx. 23.03 e ordinaria do 29.03.2017).

Ditames das comisións informativas:

URBANISMO

- 2.-** Declarar extinguida a suspensión de licenzas acordada naquelas parcelas do núcleo rural no PXOM 1993 que no PXOM do 2008 xa teñan recoñecidas a condición de solo urbano consolidado ou solo do núcleo rural NR-1º. Expte. 92223/421 (Rexistro Pleno 1555/1101).

Mocións:

- 3.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reducir á metade o prezo das escolas infantís da rede autonómica para que se sitúen así ao nivel das municipais. Rexistro Pleno 1562/1101.

PARTE DE CONTROL

- 4.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 5.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

Mocións.

- 6.-** Moción do grupo municipal de Marea de Vigo instando ao goberno municipal a reafirmar o respaldo ao sector da estiba para superar a incerteza xerada pola sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2014, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno

1519/1101.

7.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a comparecencia ante o Pleno da Primeira Tenente de Alcalde, ao obxecto de dar explicacións en relación as causas xudiciais abertas. Rexistro Pleno 1556/1101.

8.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a atender de xeito inmediato as demandas dos veciños de Matamá, acometendo as obras de mellora necesarias e cumprir co compromiso de construción dun novo polideportivo. Rexistro Pleno 1563/1101.

9.- Formulación de rogos.

10.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA E UN, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.